

Unidade 10. Como é ese animal?

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Gramática

1. Relaciona e forma oracións, despois subliña os verbos.

Vós	•	→	<u>fostes</u> á praia o domingo.
Xurxo e Uxía	•	→	<u>pasan</u> a aspiradora na casa.
Eu	•	→	<u>viaxaredes</u> no verán cos avós.
		→	<u>xoguei</u> coa bicicleta despois da escola.
		→	<u>almorzo</u> torradas con mel.
		→	<u>irán</u> ao circo cos amigos.

2 Coloca os verbos que subliñaches na actividade anterior no cadro que lles corresponda.

Presente	<u>pasan, almorzo</u>
Pasado	<u>fostes, xoguei</u>
Futuro	<u>viaxaredes, irán</u>


3 Cambia cada oración a pasado e a futuro.

- Presente ⇒ Pedro e María fan un biscoito na cociña.
Pasado ⇒ **Pedro e María fixeron un biscoito na cociña.**
Futuro ⇒ **Pedro e María farán un biscoito na cociña.**
- Presente ⇒ O gato sobe dun salto á mesa, come a sardiña e escapa.
Pasado ⇒ **O gato subiu dun salto á mesa, comeu a sardiña e escapou.**
Futuro ⇒ **O gato subirá dun salto á mesa, comerá a sardiña e escapará**

4 Analiza a seguinte oración.

Aquel gato negro come sardiñas

- **Aquel** - Determinante demostrativo masculino singular.
- **Gato** -Substantivo masculino singular.
- **Negro** – Adxectivo, masculino, singular.
- **Come** – 3.^a persoa do singular, presente indicativo, verbo comer.
- **Sardiñas** – Substantivo feminino, plural.



Unidade 10. Como é ese animal?

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Literatura

Xoán sen medo

Hai moitos anos, nunha granxa dun país afastado, vivían dous irmáns: Pedro e Xoán. Pedro era moi medroso e Xoán, polo contrario, non sabía o que era o medo.

Quixera saber o que é o medo –díxolle Xoán ao seu irmán-. Vou pasar tres noites no pazo abandonado que hai no bosque.

Despois de camiñar toda noite, chegou ao pazo e dispúxose a durmir nun feixe de herba seca que atopou.

Uuuuh! –berraron varios fantasmas para asustalo.

Pero Xoán, moi divertido, quitoulle as sabas e cubriuse con elas.

-Así durmirei mellor! –díxolles-. Fóra de aquí

A noite seguinte espertou cun ruído infernal e atopouse cun trasgo que bailaba cunha estrondosa música. Como non

se austou, o trasgo achegouse ao rapaz e preguntoulle:

-Quen es ti que non te asustas de min?

-Chámome Xoán –dixo o rapaz-, e non me podo asustar porque non sei o que é o medo. Como vexo que tes o nariz colorado, debes ter catarro. Regáloche unha das miñas sabas para que a uses de gardanapos.

A noite seguinte topou unha cama. Cando se deitou, a cama saíu voando pola fiestra, e chegou ata o xardín do rei. pediu audiencia e solicitou a man da princesa.

Casaron e foron vivir a un fermoso pazo, Xoán seguía sen saber o que era o medo. Un día estaban paseando polo xardín e súa dona empurrouno e caeu ao estanque.

-Socorro! –gritou Xoán-. Non sei nadar!

A princesa axudouno a saír da auga e preguntoulle cun sorriso:

-Sabes agora o que é o medo?

-Claro que o sei, estiven a punto de morrer! Agora son un home normal.

A pesar de todo, seguiron chamándoo: Xoán sen Medo.

Conto popular (Adaptación)

1. Contesta as seguintes preguntas.

- Cal é o personaxe principal? **Xoán.**
- Cales son os personaxes secundarios? **O trasgo e a princesa.**
- Que fixo a dona de Xoán para que tivese medo? **Empurralo a un estanque.**

2 Escribe o desenlace do conto.

Resposta libre

Unidade 10. Como é ese animal?

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

Técnicas de estudo

1 Le esta noticia publicada no xornal dixital *Galiciaé*.

08/03/2012

Pontevedra

Un mozo bate a marca do só de guitarra logo de estar 7 horas tocando

O músico Gabriel Domínguez, de 18 anos, logrou bater no Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO) a marca do só de guitarra máis longo xamais interpretado, superando o artista Thom Kubli en cinco minutos, ao estar a tocar 7 horas, 10 minutos e seis segundos.

A iniciativa, chamada *Record Attempt*, é unha das *performances* da exposición *Presenza activa* do museo vigués. Kubli lograra permanecer tocando un só de guitarra durante 7 horas e 5 minutos e catro segundos o pasado 9 de febreiro.

Nunha actuación supervisada por un notario e unha testemuña que comezou pasadas as cinco da tarde de onte, o músico vigués tocou a guitarra ata a madrugada e estivo acompañado polos seus familiares, algúns vidos desde Marrocos e Francia, segundo informaron a Efe fontes do MARCO.

Durante o tempo que estivo a tocar a guitarra Gabriel Domínguez, integrante do grupo *Unname*, rexistráronse máis de 2000 visitas á web do MARCO e centenaes de persoas seguiron a retransmisión en directo do só de guitarra a través de Internet.

2 Contesta as seguintes preguntas sobre o texto anterior.

- Onde ocorre? **En Vigo.**
- Cando ocorre? **En marzo de 2012.**
- Que ocorre? **Un mozo consegue tocar o só de guitarra máis longo.**

- Como ocorre? Comezou polo tarde e estivo tocando ata a madrugada. En total 7 horas, 10 minutos e 6 segundos tocando no MARCO en Vigo.

3 Completa

- Un xornal dixital é un medio de comunicación que se publica a través de internet no que as novas se actualizan constantemente.